



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓNS PARA A SÍNDROME DE DOWN (DOWN GALICIA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO INTERVENCIÓN NO PROCESO DE ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS CON SÍNDROME DE DOWN E OUTRAS DISCAPACIDADES INTELECTUAIS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA RESIDENTES EN GALICIA**

Santiago de Compostela, **26 NOV. 2018**

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

**Doutra parte:**

Don Delmiro Prieto González, con NIF 71497418D, que actúa en nome e representación da Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down, (en adiante DOWN GALICIA), con CIF G15665144, en virtude da súa condición de representante dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.


Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

**EXPOÑEN**

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade e persoas con







dependencia, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

**IV.** Que a entidade DOWN GALICIA figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1284, tendo a misión de coordinar, apoiar e impulsar a labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

**V.** Que DOWN GALICIA ten como misión entre outras impulsar que as persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.

Polo tanto, tendo en conta o establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, DOWN GALICIA e a Consellería de Política Social prevén levar a cabo un proxecto de intervención co fin de contribuír a promover o envellecemento activo nas persoas adultas con síndrome de down e/ou discapacidade intelectual dependentes, asegurándolles maiores oportunidades de incrementar, manter e actualizar aquelas competencias que favorezan a mellora da súa calidade de vida.

As persoas con síndrome de down e/ou discapacidade en etapa adulta valoradas como dependentes, que ben por signos biolóxicos, cognitivos, sociais e/ou persoais están nun proceso de envellecemento, beneficiarias do presente programa requiren dun apoio personalizado para mellorar a súa autonomía persoal e reducir a súa dependencia da contorna familiar e dos sistemas de protección social.

Conforme ao exposto, é de interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con DOWN GALICIA para o desenvolvemento do proxecto de intervención do proceso de envellecemento das persoas con síndrome de down e outras discapacidades intelectuais en situación de dependencia durante o presente exercicio 2018.

**VI.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, DOWN GALICIA é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico a que corresponde a representación dos intereses de todas as persoas con síndrome de down na Comunidade Autónoma de Galicia e a prestación de servizos de calidade na súa atención.







Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, na área da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes á promoción da autonomía persoal e da prevención da dependencia. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións. Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a realización dun proxecto de intervención no proceso de envellecemento das persoas con síndrome de down e outras discapacidades intelectuais en situación de dependencia.

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións que DOWN GALICIA ten previsto desenvolver durante o ano 2018 para a realización dun proxecto de intervención no proceso de envellecemento das persoas con síndrome de down e outras discapacidades intelectuais en situación de dependencia.

Este proxecto ten por destinatarios directos persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en etapa adulta, valoradas como dependentes, que ben por signos biolóxicos, cognitivos, sociais e/ou persoais están no proceso de envellecemento. De modo indirecto beneficiarase ás familias dos usuarios e a unha serie de axentes sociais implicados nas actuacións do proxecto como centros de saúde, servizos de xerontoloxía e xeriatría...

#### SEGUNDA. Actuacións

As actuacións subvencionables durante o período de vixencia son:

- Valoración inicial das persoas usuarias do proxecto.
- Plan individual de intervención coas persoas usuarias. A partir das necesidades detectadas definición do plan de apoio e execucións de accións e actividades de reforzo e promoción da autonomía como actividades de psicomotricidade e xerontoximnasia, estimulación cognitiva e memoria, actividades condutuais, socioculturais, educativas, de tempo libre e psicolóxicas.
- Avaliación e seguimento do envellecemento das persoas usuarias por medio dun equipo profesional que identificará beneficios conseguidos e adaptacións no plan inicial. Configuraránse protocolos de seguimento atendendo a aspectos coma:







conduta, sono, memoria, funcións executivas, rendemento cognitivo, habilidade motora, funcionamento nas actividades da vida diaria...

- Atención e apoio psicosocial a familias. Controis de saúde periódicos e apoio psicosocial para familias e usuarios que estean en proceso de demencia. Ofertaranse charlas informativas sobre envellecemento activo.
- Coordinación con recursos sociosanitarios do entorno comunitario. Sensibilización dos profesionais de xeriatría e xerontoloxía no coñecemento das particularidades deste colectivo, accións de difusión, accións que promovan unha maior participación dos adultos coa síndrome de Down en programas e servizos da comunidade, de maneira que contemplan e encaixen as súas particularidades e o seu envellecemento precoz (en torno os 35-40 anos)

DOWN GALICIA terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **TERCEIRA. Orzamento**

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social alcanzará **cen mil euros** (100.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 12.04.312D.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2018, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018.

#### **CUARTA. Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **QUINTA: Gastos imputables**

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados por DOWN GALICIA necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os







previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA. Obrigas da entidade**

DOWN GALICIA comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir as seguintes obrigas previstas no artigo 11 da mencionada lei:

- a) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que deba efectuar o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.







g) Incluir na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: “subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social”, co seu respectivo logotipo.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

i) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

j) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

#### **SÉTIMA. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### **OITAVA. Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 20 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 80% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, tralo consentimento expreso da entidade (Vexase Anexo I). De non autorizar a consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento.







Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **NOVENA: Documentación xustificativa**

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2018**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2018, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.
- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.
- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.







- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultaría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.

- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un **auditor de contas** inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:


- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo segunda en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.

- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.







- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigado a pór a disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2018. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, TC's da Seguridade Social de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2018, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2019.

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, tralo consentimento expreso da entidade. De non autorizar a consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da entidade DOWN GALICIA.

#### **DÉCIMA. Incumprimentos, reintegros e sancións.**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a





mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Inexistencia de relación laboral**

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DECIMO SEGUNDA: Subcontratación**


DOWN GALICIA é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio,.

DOWN GALICIA, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DECIMO TERCEIRA. Comisión de seguimento**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo.

Esta comisión reunirase por petición de calquera das partes, e estará formada por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social.







Esta comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015 e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO CUARTA: Vixencia**

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase DOWN GALICIA dende o 1 de xaneiro de 2018 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

#### **DÉCIMO QUINTA. Transparencia e bo goberno**

De conformidade co disposto na Lei 1/2016 e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.


As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO SEXTA: Protección de datos**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de Protección de datos.





Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

#### **DÉCIMO SÉTIMA: Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 139/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses





contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.


E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**A CONSELLEIRA DE POLÍTICA  
SOCIAL**



**Fabiola García Martínez**

**O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN  
GALEGA DE INSTITUCIONS PARA  
A SINDROME DE DOWN**



**Delmiro Prieto González**





## ANEXO

Delmiro Prieto González, presidente da Federación Galega de institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)

AUTORIZA ao órgano concedente a consulta dos seguintes datos.

De non autorizar a consulta deberá achegar o documento correspondente

|                                                                                                                                 | CONSENTIMENTO                             |                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|---------------------------------|
| Certificado de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias                                                    | <input checked="" type="checkbox"/><br>SI | <input type="checkbox"/><br>NON |
| Certificado de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Seguridade Social                                     | <input checked="" type="checkbox"/><br>SI | <input type="checkbox"/><br>NON |
| Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia | <input checked="" type="checkbox"/><br>SI | <input type="checkbox"/><br>NON |

